

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 25 de agosto de 2006 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por Orde do 30 de maio de 2006 (DOG nº 109, do 8 de xuño), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril, visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo e demais normativa vixente, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Declarar deserto o posto de traballo de secretario/a provincial, nivel 28 (CP: PR.C99.10.000.36001.021), convocado pola Orde do 30 de maio de 2006 (DOG nº 109, do 8 de xuño), de conformidade co previsto no punto sexto da dita orde.

Segundo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 28 de agosto de 2006 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de inspectores de Educación, en réxime de comisión de servizos.

Por Orde do 11 de outubro de 2005 convocouse procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de Educación.

Quedando vacantes sen cubrir na resolución deste procedemento selectivo e estando próxima algunha xubilación, resulta oportuno proceder á provisión destas prazas en réxime de comisión de servizos.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar concurso público para a provisión, en réxime de comisión de servizos, dos seguintes postos de Inspección Educativa:

- 1 posto no sector de Santiago de Compostela.
- 1 posto no sector de Pontevedra.
- 4 postos no sector de Vigo.
- 2 postos no sector de Lugo.

A duración da comisión de servizos será dun ano, prorrogable ata a provisión definitiva dos postos por funcionarios ou funcionarias do corpo de inspectores de educación.

Artigo 2º.-Participantes e requisitos.

Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas nos niveis educativos distintos dos universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os profesores e profesoras solicitantes deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os requisitos seguintes:

1. Atoparse en situación de servizo activo, excedencia por coidado de fillos, excedencia por coidado de familiares ou excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título equivalente.
3. Acreditar unha antigüidade mínima de seis anos como funcionario de carreira nalgún dos corpos que integran a función pública docente e unha experiencia docente de igual duración.
4. Estar en posesión do curso de perfeccionamento de lingua galega ou da validación equivalente.

Artigo 3º.-Solicitudes e documentación.

As persoas participantes no concurso deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se publica como anexo I.

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

1. Documentación a que se refire o anexo II desta convocatoria, para acreditar todos os servizos e méritos alegados así como unha relación numerada, data-da e asinada dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

2. Proxecto de traballo que versará sobre as competencias que ten atribuídas o corpo de inspectores de Educación. O proxecto terá unha extensión máxima de 30 páxinas, tamaño DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra de 12 puntos.

Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación.

1. A instancia e a documentación citadas no artigo 3º desta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos rexistros das delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á secretaria xeral. No caso de presentarse a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario ou funcionaria de correos antes de ser certificada.

2. O prazo de presentación de instancias e documentación será de trinta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os méritos achegados fóra do prazo de presentación de solicitudes non serán valorados.

Artigo 5º.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

-Presidente: o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de tres, con categoría de subdirector ou subdirectora xeral, xefe ou xefa de servizo, debendo atoparse entre eles necesariamente o subdirector xeral de persoal e o subdirector xeral da Inspección Educativa.

-Unha funcionaria ou funcionario de carreira do corpo de inspectores de Educación ou do corpo de inspectores ao servizo da Administración Educativa.

-Unha funcionaria ou funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria ou secretario, con voz e sen voto.

A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración. Ademais, poderá asistir un representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración dos méritos obxectivos.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do proce-

demento administrativo común e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 6º.-Selección.

Para a selección das persoas candidatas, a comisión de selección terá en conta:

1. O proxecto de traballo a que se refire o artigo 3º.2 da presente orde. A comisión de selección poderá convocar, se o considera conveniente, os solicitantes a unha entrevista que versará sobre o dito proxecto.

Aquelas persoas aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de cinco puntos no proxecto e entrevista, se é o caso, non poderán ser propostas pola comisión para ocupar a praza a que optan.

2. Os méritos alegados, segundo as puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo II.

Para estes efectos, a comisión de selección publicará as listas de puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais, así como na páxina web da Xunta de Galicia no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>.

As persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que coiden convenientes contra a lista provisional, dirixidas á Presidencia da comisión, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no artigo 4º desta orde.

Artigo 7º.-Proposta de nomeamento.

1. Serán seleccionadas aquelas persoas aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total das epígrafes previstas no baremo establecido no anexo II, tendo en conta que dúas prazas se reservan para candidatos que xa exercesen, con avaliación positiva, polo menos durante dous mandatos o cargo de director.

2. De existiren máis de dous candidatos con avaliación positiva durante polo menos tres mandatos de dirección, que reúnan os requisitos para que se lles adxudique unha das prazas convocadas, adxudicánselles as dúas reservadas aos concursantes con maior puntuación, concorrendo os restantes ás outras prazas coa súa puntuación. Así mesmo, de non poder adxudicarse estas prazas a concursantes que concorran coa avaliación positiva en polo menos dous mandatos de dirección, adxudicaranse aos restantes concursantes que reúnan a puntuación mínima requirida.

3. No caso de producírense empates no total de puntuacións outorgadas, resolveranse atendendo, sucesivamente e por esta orde, á maior puntuación nas epígrafes 7, 6, 1, 2, 3, 4 e 5 do baremo.

4. Unha vez resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a comisión de selección remitiralle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva con expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se lle adjudicará a cada unha delas.

Artigo 8º.-Resolución da convocatoria.

A resolución da convocatoria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes ás que afecte.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contado desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei

4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9º.-Devolución da documentación presentada.

Unha vez transcorridos tres meses desde a data da publicación da resolución definitiva, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, disporán dun prazo dun mes para retirar a documentación ante a presidencia da comisión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaría xeral para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO
NOME	DNI
NRP	
CORPO AO QUE PERTENCE	DISCIPLINA

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº	TELÉFONO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2005/2006	LOCALIDADE
--	------------

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2005/2006

LOCALIDADE

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO
1	6	11	16	21					
2	7	12	17	22					
3	8	13	18	23					
4	9	14	19	24					
5	10	15	20	25					

_____ de _____ de 2006

SINATURA DO INTERESADO/A

SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 4 de setembro de 2006 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciado pola Orde do 30 de xuño de 2006.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, por Orde do 30 de xuño de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 131, do 7 de xullo), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, anunciada pola Orde do 30 de xuño de 2006. (*Diario Oficial de Galicia* nº 131, do 7 de xullo).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no actual destino do funcionario que obteña praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizo, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e tal como dispón a base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazo de posesión iniciarse cando remate o permiso ou licenza que, se é o caso, lle fose concedido ao interesado. No suposto de baixa temporal ou transitoria iniciárase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A Xefatura do Centro no que cause baixa o funcionario, así como a daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ap da súa publicación.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2006.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Apelidos e nome: Fernández Díaz, Rogelio.
NRP: 3425311735A2066.

Grupo: A.

Corpo/Escala: facultativo superior da Xunta de Galicia.

Denominación posto: subdirector xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade.

Centro directivo: Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Localidade: Santiago de Compostela.

Nivel Complemento de destino: 30.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 14 de xuño de 2006, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se anuncia convocatoria para vinculación temporal de seis (6) facultativos especialistas de área.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, en virtude do establecido na Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal do seguinte persoal:

-1 facultativo especialista de traumatoloxía.

-1 facultativo especialista de cardioloxía.

-1 facultativo especialista de endocrinoloxía.

-1 facultativo especialista de medicina intensiva.

-1 facultativo especialista de anestesioloxía.

-1 facultativo especialista de obstetricia e xinecoloxía.

A mencionada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, que deberán dirixirse á Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, rúa Ramón Puga, 52-54, 32005 Ourense, poderán ser presentadas a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir acompañada do *curriculum vitae* xunto coa acreditación